

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 6 de outubro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 5 de abril de 2016 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

No *Diario Oficial de Galicia* do 15 de abril de 2016 publicouse a Resolución do 5 de abril de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

No artigo 3 da antedita resolución establécese que o crédito asignado para atender as solicitudes que se aproben, que se imputan á aplicación orzamentaria 05.11.313D.480.0 (código de proxecto 2014 00180), ascende a 728.382,00 euros para o ano 2016 e que se reservan 1.303.562,40 euros do ano 2017 para o financiamento das axudas que, pola súa duración, xeren dereitos económicos das beneficiarias durante o exercicio seguinte. Este crédito, segundo o establecido no dito artigo, poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado da súa previsión legal ou dalgún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por outra banda, o artigo 7.1.h), da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, dispón que con independencia dos supostos previstos no punto 1 do artigo 64 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, terán excepcionalmente condición de ampliables «Os créditos incluídos na aplicación 05.11.313D.480.0, destinados ao pagamento de axudas periódicas a mulleres que sofren violencia de xénero».

Na data actual, dado o volume de solicitudes presentadas para esta axuda e que non poden ser atendidas polo esgotamento do crédito inicialmente asignado, así como as necesidades das posibles beneficiarias, resulta necesario incrementar a dotación orzamentaria destinada a estas axudas.



Por todo o exposto e no uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo único

Primeiro. Amplíase a dotación orzamentaria asignada para a concesión das axudas económicas de carácter periódico de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero na contía de 235.100,00 euros para o exercicio corrente, con cargo á partida orzamentaria 05.11.313D.480.0 (código de proxecto 2014 00180).

Segundo. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida resolución para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2016

A secretaria xeral da Igualdade
P.S. (Disposición adicional terceira do Decreto 72/2013;
DOG núm. 91, do 14 de maio)
Beatriz Cuiña Barja
Secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

